



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE MARZO DE 2020

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para segregación en dúas parcelas da finca nº 421 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Villestro. LIC/2048/2019.

Apróbase a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para segregación no lugar de O Carballal, 37A. LIC/135/2020.

Apróbase a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para segregación na parcela 69-1 da zona de concentración parcelaria de San Pedro de Busto, lugar de Os Currais. LIC/1701/2019.

Apróbase a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para segregación de parcela na rúa Sarela de Abaixo. LIC/1960/2019.

Apróbase a licenza.

6.- Adopción de medidas en relación coa situación de crise sanitaria xerada pola epidemia provocada polo "COVID-19".

Adóptanse as seguintes medidas:

1. Convalidación dos contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de goberno local na súa sesión de 13/03/2020 que se indican a continuación: "Subministración de sistemas de redes privadas virtuais que permitan o teletraballo ao persoal do Concello de Compostela", adxudicado a ACUNTIA, S.A, por un prezo máximo de 13.704,22 euros máis IVE; "Subministración de licenzas de Microsoft Office std (20 unidades) e 1 licenza de software" adxudicado a BALIDEA CONSULTING&PROGRAMING por un prezo máximo de 6.149 euros máis IVE; "Subministración de ordenadores portátiles" adxudicado a BALIDEA CONSULTING&PROGRAMING por un prezo máximo de 13.391,35 euros máis IVE; "Subministración de equipos de videoconferencia para o concello" adxudicado a FERNANDO RODRÍGUEZ CAMPOS por un prezo máximo de 6.625 euros máis IVE; "Subministración de licenzas de videoconferencia ZOOM para o concello" adxudicado a SOLVICO.SOLUCIONES DE VIDEOCOLABORACION por un prezo máximo de 4.747,50 euros máis IVE; "Subministración de EPIS e material de protección para o persoal do concello", adxudicado a PEYCAR PONTEVEDRA por un prezo máximo de 526,35 euros máis IVE; "Servizos de asistencia técnica de asesoramento ao persoal de Servizos Sociais", adxudicado a CONSULTORIA INFORMATICA PARA GESTION SOCIAL S.L. por un prezo máximo de 19.350 euros máis IVE; "Subministración de alimentos e produtos hixiénicos básicos", adxudicado aos seguintes supermercados por un prezo máximo de 10.000 euros cada un: CARREFOUR, IGNACIO DE LAS CUEVAS; e as seguintes tendas de barrio por un prezo máximo

de 2.500 euros cada unha: FRUTAS SITA, 24 H DE NOCHE, CRISTINA CAAMAÑO, MARISOL DIÉGUEZ, e TITO GONZÁLEZ.

2. Aprobación do Protocolo de actuación no marco dos convenios de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Autotaxis e a Asociación de Taxistas Profesionais de Santiago (Protaxi), no apoio á mobilidade de persoas en situación de vulnerabilidade social. E aprobación do convenio e colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Autotaxis e a Asociación de Taxistas Profesionais de Santiago (Protaxi), para a prestación do servizo de transporte no termo municipal a persoas en situación de vulnerabilidade social.
3. Acéptase a proposta de TUSSA de redución ao 32% da prestación do servizo de transporte urbano de Santiago, mantendo ao 100% as liñas de transporte a hospitais.
4. Apróbase o protocolo para a adaptación das prestacións obxecto do contrato "Servizos de conservación e mantemento de parques e xardíns" presentado polo contratista, CESPAA, e informado favorablemente polo responsable do contrato, de xeito que: suspéndese parcialmente o servizo de conservación de zonas verdes durante a situación de emerxencia. Durante esta situación acudiría a traballar un grupo reducido de traballadores en horario de mañá e outro en horario de tarde, para realizar servizos de limpeza e calquera outro servizo de emerxencia que o Concello de Santiago de Compostela requira. No caso de que a situación de emerxencia o requira, todos os traballadores acudirán ao posto de traballo, para o que se organizarán quendas. Concluída a situación de estado de alarma, recuperaranse todas as horas perdidas no servizo, realizando traballos de reforzo, ampliando horarios e empregando persoal extra. Aplícase o teletraballo para os postos de oficina.

7.- Dación de conta e avaliación dos efectos das medidas adoptadas polo Concello de Santiago de Compostela durante a situación de crise sanitaria xerada pola epidemia provocada polo "COVID-19".

Avaliouse a adaptación dos servizos esenciais ao novo Real Decreto do Goberno. Neste sentido:

- a) Servizo de mantemento de vías: o contratista, OVIGA, S.L., manterá un retén de persoal para a execución das actuacións urxentes.
- b) Servizos de mantemento de semáforos e de pintado de sinalización horizontal en vías urbanas: os contratistas manterán a prestación duns servizos mínimos.
- c) Servizo de comunicacións da Policía Local: o contratista manterá totalmente o servizo.
- d) Conserxería e limpeza de CEIP: requírese aos contratistas a presentación de protocolos de execución dos contratos adaptados ao RD Lei 10/2020, debendo manter, en tanto, ao persoal adscrito aos contratos dispoñible. O servizo de conserxería mantense para a vixilancia das instalacións.
- e) Servizo de conserxería de instalacións deportivas: o servizo de conserxería mantense para a vixilancia das instalacións.
- f) Servizo de conserxería de centros socioculturais: o servizo de conserxería mantense para a vixilancia das instalacións.
- g) Acéptase o protocolo, presentado pola Coregal Parques e Xardíns, de execución de contrato durante a crise de emerxencia sanitaria que propón as seguintes liñas de actuación: paralización das tarefas non esenciais; continuar o servizo de vixilancia, garda e emerxencia, así coma manter a disposición do persoal para as tarefas que así se requiran polo Departamento de Parques e Xardíns; recuperación posterior das horas que non se poidan traballar durante este período en canto sexa posible recuperar a normalidade da actividade.

8.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL).

Dáse conta das actas.

9.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente para en cumprimento da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo, nº 1 de Santiago, no PO 304/2017, retrotraer o expediente para a posta en marcha das obras incluídas no proxecto de adecuación do vertido da EDAR de Silvouta Fase III. Acordouse retrotraer o procedemento que culminou coa

adopción do acordo da Xunta de goberno Local de 25 de novembro de 2016, solicitar o preceptivo dictame do Consello Consultivo de Galicia, e á vista do mesmo, adoptar a resolución que proceda.

10.- Proposta da alcaldía relativa á autorización de traspaso da caseta da praza de abastos número NC317, da titularidade de dona ISAURA OUTÓN FERNÁNDEZ, a favor de dona ROSA DACOSTA OTERO.

Autorízase o traspaso.

11.- Proposta da alcaldía relativa á transmisión das casetas da praza de abastos números NC318 e NC319 a favor de don JULIO ABALO OUTÓN, por xubilación de súa nai, dona ISAURA OUTÓN FERNÁNDEZ, titular legal das mesmas.

Autorízase a transmisión.

12.- Proposta da alcaldía relativa á autorización de traspaso da caseta da praza de abastos número CE36, da titularidade de don CARLOS A. MARASI CALACI, a favor de "NOROESTE JOYAS DE AUTOR, S.L.U."

Autorízase o traspaso.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa ao levantamento da suspensión da tramitación do procedemento de contratación relativo á "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa. POS + 2019". CON/32/2019. Apróbase que se proceda ao levantamento da suspensión da tramitación do procedemento de contratación relativo a "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa. PSO + 2019", debendo levarse polo tanto a cabo a formalización do contrato e a execución do mesmo nos termos que procedan.

14.- Proposta relativa á modificación do punto nº 3 da sesión de data 20 de novembro de 2019 titulado "Proposta da alcaldía relativa á asignación de nome ás novas vías do ámbito do SUNP 20". Modifícase o acordo de Xunta de goberno Local de 2 de novembro de 2019 de asignación de nome ás vías derivadas da aprobación definitiva do Proxecto de Compensación que desenvolve o ámbito do SUNP 20 e asígnanselle definitivamente os nomes de Praza Alcalde Marcial Castro Guerra (agora vía D, antes praza A); Rúa Concha Castroviejo (agora vía A, antes rúa B); Rúa Aspas (agora vía B, antes rúa C; e Rúa María Tobío (agora vía C, antes rúa D).

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á resolución de incidencias de bolsas de comedor e actividades extraescolares da convocatoria 2019-2020. Deuse conta das modificacións solicitadas nas bolsas para comedor escolar e actividades extraescolares. Son cinco incidencias, dúas de renuncias a bolsas de comedor, e tres renuncias de actividades extraescolares. O importe total das concesións aprobadas nas Xuntas de Goberno Local de 13/11/2019, 30/12/2019 e 06/03/2020 por importe de 579.835,10 euros para a convocatoria 2019/2020 verase reducido na cantidade de 1.316 euros, quedando totalizado na contía de 578.519,10 euros)

URXENCIAS:

Aprbouse a proposta da concellería de Educación de prorrogar o prazo de presentación de propostas creativas ao XIII Premios Internacional Compostela de álbums ilustrados, que estaba fixado inicialmente para o 30 de abril e adiar tamén o fallo do xurado que estaba previsto para a primeira quincena de xuño.